

GALEGO

Os *choqueiros* coruñeses disfrazábanse con farrapos, roupas vellas ou sabas emporcalladas, tisonaban a cara de negro coa parruma ou levaríana cuberta cunha *careta de filloa* elaborada con auga e fariña, ou cunha pel de coello ou de lebre chea de buracos. Ademais levaban unha vara, ou unha vasoira formada por un pau cun feixe de ramas no seu extremo, que empregaban para golpear ou molestar aos veciños. Representan o *mundo ao revés* e o *reinado da loucura* e o *desvarío* permitido pola sociedade e o poder durante os días do carnaval.

O paso dunha sociedade agraria a outra urbana, trouxo a progresiva transformación dos carnavais nas cidades.

A figura do *primitivo choqueiro*, quedou relegada ás aldeas da periferia rural, mentres que nas rúas da cidade xurdiron unhas máscaras grotescas críticas cos usos e costumes urbanos, tamén cambiaban os roles. A todos estes disfraces deseñados e levados pola xente dos barrios coruñeses, chamáronlles. **“máscaras del polvo”**.

O periodista Alfredo Tella, que asinaba a súas crónicas en *El Noroeste* co pseudónimo de Equis, o 17 de febreiro de 1909, escribiu sobre a importancia que tiñan as “máscaras del polvo” no carnaval coruñés, comentando tamén algúns dos seus modelos de disfra-ce e os seus divertimentos:

“Son unhas mascararas vestidas de bebé, de dominó, de arlequín, de bohemio; que non pegan, non insultan, non dan empurróns, nin causan ao transeúnte a menor molestia...

O suxeito de blusa e chapeu de copa, seguido doutro con tricornio e gabán ao brazo, imitando ao rexente e ao alguacil de paseo; o vendedor de peixe vestido de femia e coa cesta á cabeza, quedaba rouco de tanto berrar; a señora en estado de boa esperanza facía que paría nunha esquina e mostraba unha lebre enchida de palla como broma final...”

Os *choqueiros* e as “máscaras del polvo” foron e son o símbolo do carnaval popular coruñés.



Adaptación do libro “Choqueiros: Breve crónica histórica do carnaval coruñés” de Xosé Alfeirán

1. Que tipo de texto é o anterior?

Un cartel informativo

Unha noticia

Unha biografía

Un texto informativo

2. Quen é o autor do libro *Choqueiros: Breve crónica histórica do carnaval coruñés*?

Alfredo Tella

Non se coñece

Xosé Alfeirán

3. Cal é o obxectivo principal do texto?

4. Emparella.

Divertían aos veciños.

Choqueiros

Empregaban paus ou vasoiras para molestar aos veciños.

Máscaras del polvo

5. Que afirmacións son falsas?

As “máscaras del polvo” van vestidas con farrapos.

Os choqueiros levan a cara cuberta cunha careta de filloa.

Os choqueiros sucederon ás “máscaras del polvo”.

Os choqueiros e as “máscaras del polvo” son o símbolo do entroido da Coruña.

As máscaras del polvo non causan á xente a menor molestia.

6. Emparella.



Choqueiro	Madamas e Galáns	Boteiro
Pantalla	Cigarrón	Xenerais do Ulla